TRINIDAD LORENZO LEMA (1 para 5)
ADMINISTRATIVA
Data de Sinatura: 17/07/2026
HASH: e7a8f0320af66745 86deb22db5b459057

CARLOS VIEITEZ FERNANDEZ (2 para 5)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 17/07/2026
HASH: 289e1c52eda88826aa5d3c03e66917ee

ANTONIO VAZQUEZ ROSALES (3 para 5)
ARQUITECTO MUNICIPAL
Data de Sinatura: 20/07/2026
HASH: c7e80b72a282e2a7fdc7f0edb6553ae1

ACTA DA MESA DE CONTRATACION CONVOCADA PARA A APERTURA E VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NA LICITACIÓN DA OBRA "ACONDICIONAMENTO ACUSTICO PABELLON POLIDEPORTIVO DE XIL".

EXPEDIENTE: 896/2025

Na Casa Consistorial de Meaño, ás 13:12 horas do día 13 de xullo de 2026 reúnese a Mesa de Contratación, convocada mediante Resolución da Alcaldía de data 10/07/2026, nº 2026-0412, integrada por Dª Beatriz Lopez de Castro García, secretaria-interventora municipal, Dª María del Mar Pereira García, técnico de xestión administración xeral, D Antonio Vázquez Rosales, arquitecto municipal e Dª Trinidad Lorenzo Lema, administrativa, como secretaria; para a constitución e apertura da documentación do procedemento de licitación da obra "Acondicionamento acústico pabellón polideportivo de Xil".

A convocatoria de licitación, mediante procedemento aberto simplificado, da contratación da obra "Acondicionamento acústico pabellón polideportivo de Xil" foi publicada no perfil do contratante integrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o día 17-06-2026, ID 828391, cun prazo de presentación de ofertas de vinte días naturais a contar desde o seguinte ao da publicación no perfil de contratante do anuncio de licitación; rematando o prazo de presentación de ofertas o día 07 de xullo de 2026.

De seguido, a partir das 13:15 horas, accédese ao Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, para proceder á apertura das proposicións das empresas presentadas, que son as seguintes:

Empresa	**Data de presentación**	**Hora**
PADINSA SALNES S.L.	06/07/2026	13:03
AA SMART ENVIRONMENT SL	07/07/2026	09:06
ACUSTICS AMBIENT SL	07/07/2026	10:29

Que formulan as seguintes propostas:

- PADINSA SALNES S.L.:

1.- Prezo:

Sen IVE (euros): 81.062,80

IVE (euros): 17.023,28

TOTAL (euros): 98.086,08

2.- ESTABILIDADE NO EMPREGO (NO SEU CASO ADXUNTAR DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA)

Cod. Validación: 74MML4YMGDLAFQM7PT7CG6C3T
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

MARIA DEL MAR PEREIRA GARCIA (4 para 5)
TECNICA MEDIA DE XESTION ADMINISTRATIVA
Data de Sinatura: 17/07/2026
HASH: b8cebc2b7126a7a3b0c75fee5e1524d5

BEATRIZ LOPEZ DE CASTRO GARCIA (5 para 5)
SECRETARIA-INTERVENTORA
Data de Sinatura: 17/07/2026
HASH: caf7dba5e590f6c26d64aebcd9a10224

3.- MELLORAS OFERTADAS:

- AA SMART ENVIRONMENT S.L.:

1.- Prezo:

Sen IVE (euros): 74.268,40€

IVE (euros): 15.596,36€

TOTAL (euros): 89.864,76€

2.- ESTABILIDADE NO EMPREGO (NO SEU CASO ADXUNTAR DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA)

3.- MELLORAS OFERTADAS:

– ACUSTICS AMBIENT S.L.:

1.- Prezo:

Sen IVE (euros): 74.267,40€

IVE (euros): 15.596,15€

TOTAL (euros): 89.863,55€

2.- ESTABILIDADE NO EMPREGO (NO SEU CASO ADXUNTAR DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA)

3.- MELLORAS OFERTADAS:

Trala apertura das propostas e na mesma sesión, a Mesa procede a:

a) Comprobar a documentación presentada polas empresas participantes e a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresa Clasificadas do Sector Público e/ou no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, constatándose que se atopan inscritas e con carácter xeral a documentación se axusta ao esixido no Prego de Cláusula económico-administrativas que rexe nesta contratación.

Unha vez revisada a documentación obrante no expediente, no tocante ao obxecto social das empresas, compróbase que, no Certificado de Inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, o obxecto social de Padinsa Salnes Sl , non se corresponde co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que a mesma debe excluírse da presente licitación, por no cumprir os requisitos segundo o previsto no artigo 66.1 da LCSP.

Cod. Validación: 74MML4YMGDLAFQM7PT7CG6C3T
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4

b) Avaliar e clasificar as ofertas.

De seguido a Mesa procede a valorar a oferta e documentación contida no Sobre, resultando a seguinte puntuación :

EMPRESA	prezo ofertado	puntuacion PREZO OFERTADO ATE 60 PTOS	MELLORA-30 PUNTOS	ESTABILIDADE NO EMPREGO-ATE 10 PTOS	PUNTUACION TOTAL
ACUSTICS AMBIT SL	74.267,40 €	**60,000**	**0**	**0**	**60,000**
AA SMART ENVIROMENT SL	74.268,40 €	**59,999**	**0**	**0**	**59,999**

Resultando a empresa ACUSTICS AMBIENT S.L. proposta para a adxudicación do contrato da obra de "Acondicionamento pabellón polideportivo de Xil".

Comprobado no Rexistro Oficial de licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público se a empresa ACUSTICS AMBIENT S.L. está constituída, o/a asinante da proposición ten poder para formular a oferta, non se atopa incursa en ningunha prohibición para contratar, constátase que cumpre.

Á vista do que antecede, en virtude do establecido polo artigo 150.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Mesa de contratación acorda requirir á empresa proposta, para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o día seguinte a aquel no que houbese recibido o requirimento presente a seguinte documentación:

1- Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira, técnica ou profesional:

Conforme aos artigos 76 e seguintes da LCSP, os licitadores deberan estar en posesión das seguintes condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica:

Económica e financeira.

Volume anual de negocios referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de comezo de actividades do empresario e de presentación das ofertas, por importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato.
A acreditación do referido volume anual de negocios do licitador ou candidato farase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito no devandito rexistro, e no caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e conta anuais legalizados por Rexistro Mercantil.

Técnica

Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo; no seu caso, devanditos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.
Para a acreditación da solvencia técnica neste apartado requirirase haber executado un mínimo de dúas

Cod. Validación: 74MML4YMGDLAFQM7PT7CG6C3T
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4

obras de natureza análoga durante o últimos cinco anos, sendo o importe mínimo esixible o correspondente ao 70 % do valor estimado do contrato.

2- Habilitación empresarial. Os licitadores deberán acreditar a súa inscrición no Rexistro de empresas acreditadas do sector da construción, segundo o establecido na Lei 32/2006, do 18 de outubro.

3- Garantía definitiva. Resgardo acreditativo da constitución da garantía definitiva que sexa esixible. Dita garantía poderá constituírse en calquera das formas legalmente previstas no artigo 108 LCSP.

4- Obrigacións tributarias e coa Seguridade Social:

• Alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE) e último recibo de pago:

No caso de alta no IAE durante o presente exercicio, fotocopia compulsada do alta referido exercicio corrente. No suposto de alta no IAE en exercicios anteriores, alta no citado imposto e último recibo do pago do IAE completado cunha declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado imposto. (Cubrir apartado na Declaración do Anexo I) Con todo, no suposto de non contar co recibo por resultar exento deberá achegarse a seguinte documentación:

-No suposto de atoparse nalgunha das exencións previstas no artigo 82.1 apartados e) e f) do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais deberá presentarse resolución expresa da concesión da exención da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
-No suposto de atoparse exento por ter unha cifra de negocios inferior a 1.000.000 euros deberá presentarse unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a 1.000.000 euros. (Cubrir apartado na Declaración Anexo I)

-Cando se trate de licitadores que non tributen por cota que lles habilite para exercer a actividade no ámbito territorial do Concello do Meaño, achegarán declaración responsable pola que no caso de resultar adxudicatarios comprométense ao cumprimento deste requisito. (Cubrir apartado na Declaración Anexo I)

• Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado e da Facenda autonómica, polo que respecta aos deberes tributarios coas devanditas Administracións.

• A acreditación de estar ao corrente no cumprimento dos deberes coa Seguridade Social realizarase mediante achega de certificación expedida pola autoridade administrativa competente.

E non sendo outro o obxecto desta mesa de contratación dáse por rematada, estendéndose a presente acta que, en proba de conformidade asinan dixitalmente os/as participantes.

Cod. Validación: 74MML4YMGDLAFQM7PT7CG6C3T
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4